

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal."

Burela, 12 de marzo de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0658

CASTROVERDE

Anuncio

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE UN POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE CASTROVERDE A XORNADA PARCIAL (50%), NO MARCO DA ORDE DE 1 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA AS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O PERIODO 2024-2026

Por Resolución de Alcaldía Nº 86 de data 10 de marzo de 2025 aprobáronse as bases da convocatoria indicada co seguinte resumo

POSTO	AUXILIAR ADMINISTRATIVO
XORNADA	PARCIAL (50%)
HORARIO	MAÑÁ E TARDE DE LUNS A VERNES
DURACIÓN	7 MESES

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal <https://concellodecastroverde.gal> e no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

Castroverde, 12 de marzo de 2025.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0659

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 7 de marzo de 2025, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (1º trimestre de 2025).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (1º trimestre de 2025).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.